

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

10493 *Real decreto 698/2013, do 20 de setembro, polo que se modifica o Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, polo que se establece o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras.*

A normativa básica que regula en España o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras é o Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, que supuxo unha actualización e unificación de toda a anterior normativa existente en materia zootécnica para as distintas razas gandeiras.

A existencia, no caso dalgunhas razas gandeiras, de máis dunha entidade oficialmente recoñecida para a xestión do libro xenealóxico correspondente provoca en ocasións distorsións no normal funcionamento do propio libro ou do programa de mellora, que deben ser resoltas pola Administración competente para o efecto. Isto fai preciso modificar o Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, para incluír a dita previsión expresa, por razóns de evidente seguranza xurídica.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de setembro de 2013,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, polo que se establece o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras.*

No Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, polo que se establece o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras, engádese unha disposición adicional segunda, co seguinte contido:

«Disposición adicional segunda. *Concurrencia de asociacións.*

No caso de que exista máis de unha asociación de criadores oficialmente recoñecida para a xestión do libro xenealóxico dunha raza, calquera discrepancia entre as asociacións recoñecidas, incluído para a conexión das súas bases de datos, a execución do programa de mellora ou a modificación do citado programa, será resolta, logo de informe da Comisión nacional de coordinación para a conservación e mellora das razas gandeiras, polo órgano competente que outorgou o recoñecemento oficial, cuxa decisión será obrigatoria para as asociacións, sen prexuízo do réxime legal de recurso administrativo ou contencioso-administrativo que proceda.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de setembro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
MIGUEL ARIAS CAÑETE